

AMIZADE CERVEIRA – TOMIÑO

Enquisa á Cidadanía

Tomiño
18 de Xuño de 2018


CERVEIRA
VILA DAS ARTES


Amizade
CERVEIRA-TOMIÑO

Tomino
CONCELLO


I.

COÑECEMENTO E VALORACIÓN DAS INICIATIVAS TRANSFRONTEIRIZAS


I.1.

O proxecto Amizade Cerveira-Tomiño

Sabía Vde. que nos últimos anos os concellos de Tomiño e Vila Nova de Cerveira están a traballar en varios proxectos europeos de cooperación transfronteriza?



Coñece Vde. a iniciativa Amizade Cerveira-Tomiño?



3 DE CADA 4 ENTREVISTADOS SON COÑECEDORES DA COOPERACIÓN TRASFRONTEIRIZA ENTRE TOMIÑO E VILA NOVA DE CERVEIRA

- Se ben é claramente maioritario en ambos concellos tal coñecemento está máis estendido na vila portuguesa (85,1%, fronte ao 72,4% de Tomiño).
- A afirmación dese coñecemento é maioritaria en ambos sexos, se ben destaca entre as mulleres (78,9%, fronte ao 64,1% dos homes). Por idades a resposta afirmativa predomina nas catro cohortes de maiores de idade, con porcentaxes claramente superiores nos dous tramos de 35 a 64 anos (89,% e 89,9%), pero cae ao 40,9% entre os menores de 19 anos.

A INICIATIVA CERVEIRA-TOMIÑO É COÑECIDA POLO 61,5%


- Ao preguntarlles especificamente pola iniciativa Amizade Cerveira-Tomiño, a porcentaxe dos que a coñecen é un tanto menor, se ben segue sendo claramente maioritaria (61,5%). De novo se observa maior nivel de coñecemento en Cerveira (71,1%) que en Tomiño (60,4%).

I.

COÑECEMENTO E VALORACIÓN DAS INICIATIVAS TRANSFRONTEIRIZAS

I.2.

Coñecemento de iniciativas específicas



AS INICIATIVAS DEPORTIVAS SON AS MÁIS COÑECIDAS DAS LEVADAS A CABO NO MARCO DA COLABORACIÓN TRANSFRONTEIRIZAS ENTRE TOMIÑO E CERVEIRA

- A iniciativa específica máis coñecida é o Triatlón da Amizade (57,4%), seguido da Regata da Amizade (40,7%) e, en terceiro lugar, de Deporte para Todos (30,7%). Moi preto deste terceiro posto sitúanse Gotas de Auga por Notas de Música (29,5%) e o Orzamento Participativo (28,2%). Con porcentaxes inferiores ao 23% atopamos o Simposio de Escultura (22,7%) e a axenda estratéxica de cooperación transfronteiriza (19,3%).

- O Triatlón da Amizade é a iniciativa máis coñecida tanto entre os residentes en Tomiño como entre os de Cerveira, se ven é na vila portuguesa onde presenta a maior porcentaxe de recordo (57,7% e 68,8% respectivamente). Noutras catro iniciativas atopamos diferenzas aínda maiores en función do concello de residencia.
- Son máis coñecidas polos cidadáns de **Cerveira** a Regata da Amizade (Cerveira 63,3% vs 31% en Tomiño) e o orzamento participativo (48,4% vs 17,6%) mentres que son máis recordadas polos residentes en **Tomiño** as iniciativas Gotas de Auga por Notas de Música (37,7% de coñecemento en Tomiño vs 20,9% en Cerveira) e o Simposio de Escultura (28,3% vs 19,5%). Outras dúas presentan porcentaxes moi similares: Deporte para Todos (32,5% en Tomiño e 28,1% en Cerveira) e da axenda estratéxica de cooperación (en Cerveira 22,6% e en Tomiño 18,1%).
- A idade é outro factor que incide no coñecemento destas iniciativas, sendo este menor entre os menores de 18 anos.


I.

COÑECEMENTO E VALORACIÓN DAS INICIATIVAS TRANSFRONTEIRIZAS

I.3.


Valoración xenérica das iniciativas de cooperación transfronteiriza

Que se leven a cabo este tipo de iniciativas entre Cerveira e Tomiño, para Vde. é...



Con cal das seguintes frases está Vde. máis de acordo?
-Os Fondos Europeos Transfronteirizos...

Son unha oportunidade para mellorar a calidade de vida dos cidadáns da Raia
95,0%



O 94,7% DOS ENTREVISTADOS VALORA POSITIVAMENTE QUE SE DESENVOLVAN INICIATIVAS DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ENTRE CERVEIRA E TOMIÑO

➤ Existe na cidadanía unha moi boa percepción respecto da cooperación transfronteiriza entre Cerveira e Tomiño e só o 3,6% cre que se trata de iniciativas pouco ou nada positivas.

➤ As respostas positivas superan o 90% tanto en Cerveira como en Tomiño, e o “moi positivo” é a resposta predominante en todos os segmentos da táboa de cruces, con valores en xeral superiores ao 55%.

PARA O 95% DOS ENTREVISTADOS OS FONDOS EUROPEOS TRANSFRONTEIRIZOS SON UNHA OPORTUNIDADE PARA MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DOS CIDADÁNS DA RAIÁ

➤ A visión positiva dos proxectos transfronteirizos volve a confirmarse coa presente variable, xa que os Fondos Europeos Transfronteirizos obteñen un apoio case unánime entre conxunto da cidadanía da zona de Tomiño e Cerveira, e só o 3,3% dos enquisados pensan que son unha perda de tempo e recursos.


I.

COÑECEMENTO E VALORACIÓN DAS INICIATIVAS TRANSFRONTEIRIZAS

I.4.

Efectos da cooperación transfronteiriza

Por favor, indique ata que punto pensa Vde. que as iniciativas de cooperación transfronteiriza poden...



A VISIÓN POSITIVA DOS EFECTOS DA COOPERACIÓN SUPERA O 85% NOS TRES INDICADORES ANALIZADOS

- Así un 89,9% dos entrevistados cre que a aplicación de iniciativas de cooperación transfronteiriza **mellora a relación entre concellos e cidadáns** da zona transfronteiriza.
- En segundo lugar, un 88% estima que **fomenta o sentimento** de que, á marxe do país no que vivamos, **“todos somos europeos”**, e, en terceiro lugar, un 85,8% sostén que esas iniciativas **mellorarán as condicións de vida dos veciños da zona**.
- Os tres indicadores presentan porcentaxes de resposta positiva moi similares entre os residentes en Tomiño e Cerveira.


I.

COÑECEMENTO E VALORACIÓN DAS INICIATIVAS TRANSFRONTEIRIZAS


I.5.

Vivir na fronteira

Na súa opinión, vivir nun territorio fronteirizo, xera máis oportunidades ou supón máis dificultades para a poboación?



Indique, por favor, con cal das seguintes frases está Vde. máis de acordo?



O 96,6% DOS ENTREVISTADOS CONSIDERA POSITIVO VIVIR NUN TERRITORIO TRANSFRONTEIRIZO POIS VEN A RAIA MÁIS COMO UN ESPAZO DE OPORTUNIDADES QUE COMO UNHA DIFICULTADE

➤ Probablemente como consecuencia da boa acollida das medidas e accións levadas a cabo nestas décadas de impulso europeo á superación das fronteiras, o que fai anos se podía ver como unha dificultade agora tornou en oportunidade, e só o 3% dos entrevistados ve a situación transfronteiriza en termos negativos.

➤ A opinión de que vivir nun territorio transfronteirizo xera oportunidades, en lugar de dificultades, rexistra porcentaxes superiores ao 90% en todos os segmentos da táboa de cruces.

O 88% DOS ENTREVISTADOS CONSIDERA QUE AS INICIATIVAS DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA FAN QUE OS VECIÑOS DE TOMIÑO E OS DE CERVEIRA SE SINTAN MÁIS PRÓXIMOS

➤ Por municipio de residencia tal afirmación acada o 91,2% entre os residentes en Cerveira, e só baixa do 80% no caso dos que residen noutro municipio portugués (78,3%). Entre os tomiñeses sitúase no 87,1%.


II.

SERVIZOS MUNICIPAIS COMPARTIDOS

II.1.

Valoración da idea de partillar servizos municipais

Que lle parece a idea de que se poidan compartir servizos municipais entre Tomiño e Cerveira [...]?



O 93% DOS ENTREVISTADOS CONSIDERA POSITIVO QUE SE POIDA FACER UN USO COMPARTIDO DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE AMBOS CONCELLOS

- Un 59,3% considera “moi positiva” ou e un 33,8% “bastante” positiva a idea de compartir servizos entre dous municipios, **polo que apoian o concepto principal que sustenta esta acción do proxecto Amizade Tomiño-Cerveira.**
- Só un 5,6% dos entrevistados cren pouco ou nada positiva a idea de compartir servizos municipais.
- A resposta favorable agregada rexistra porcentaxes claramente maioritarias en todos os segmentos da táboa de cruces, con valores en xeral por riba do 90%.


II.

SERVIZOS MUNICIPAIS COMPARTIDOS

II.2.

Valoración dos servizos a partillar

Ata que punto estaría de acordo con que se compartise cada un dos seguintes servizos municipais (empregando unha escala do 0 ao 10 onde 0 é “nada de acordo” e 10 “moi de acordo”).



BOA ACOLLIDA DOS DIVERSOS SERVIZOS A COMPARTIR: OS ENTREVISTADOS PUNTUARON POR RIBA DO 8 A IDONEIDADE DE COMPARTIR OS 11 SERVIZOS SOMETIDOS AO SEU XUÍZO

- Os 11 servizos citados aos entrevistados como opcións recibiron puntuacións medias superiores ao 8, polo que todos contan co beneplácito da poboación para ser compartidos e ningún xera rexeitamento.
- Os que mellor puntuación recibiron como opcións a partillar foron os **programas conxuntos para nenos e mozos (8,82)**, o **uso compartido da Piscina de Vila Nova de Cerveira (8,73)** e os **programas de atención para persoas maiores (8,72)**.
- Tras estas tres opcións mellor puntuadas, sitúanse as instalacións para persoas maiores (8,67), as instalacións para nenos (8,65), os programas deportivos conxuntos (8,56) e os espazos deportivos de uso compartido (8,51), a posibilidade de compartir as bibliotecas municipais (8,38) e a realización de programas culturais conxuntos (8,34).
- Pechan a lista, aínda que con puntuacións tamén por riba do 8, o uso compartido da Escola de Música de Tomiño (8,18) e o programa de creación de empresas (8,13).


II.

SERVIZOS MUNICIPAIS COMPARTIDOS

II.3.

Priorización dos servizos a partillar

Dese listado de posibles servizos a compartir, se só puidese escoller tres, cales escollería? (RESPOSTA MÚLTIPLE)



O USO COMPARTIDO DA PISCINA DE CERVEIRA (47,6%), OS PROGRAMAS CONXUNTOS PARA NENOS E MOZOS (35%), E O PROGRAMA DE APOIO Á CREACIÓN DE EMPRESAS (28,7%) ENCABEZAN A LISTA DE SERVIZOS A COMPARTIR DE FORMA PRIORITARIA

➤ As demais opcións rexistran mencións inferiores ao 25%: as instalacións para persoas maiores (23,9%), os espazos deportivos (22,2%), a escola de música de Tomiño (22%), o uso compartido das bibliotecas municipais (21,6%), os programas de atención a persoas maiores (21,3%), o acceso a instalacións para nenos (21,1%) e os programas deportivos conxuntos (20,4%). Pecha o listado a celebración de programas culturais conxuntos (19%).

➤ Tamén se producen variacións salientables entre os residentes en Tomiño e Cerveira á hora de priorizar os diversos servizos. **Cómpre destacar a coincidencia nos tres primeiros, pero a partir deses a orde varía ata o punto de que o cuarto e quinto posto en Tomiño pasan a ser o último e o penúltimo en Cerveira.**


II.

SERVIZOS MUNICIPAIS COMPARTIDOS

II.4.

Participación nos servizos a partillar

En xeral, Vde. (ou algún membro do seu fogar) estaría interesado en participar nalgún destes servizos compartidos no concello veciño?



O 54,9% DOS ENTREVISTADOS PARTICIPARÍA NALGÚN SERVIZO COMPARTIDO ENTRE TOMIÑO E CERVEIRA, MENTRES UN 29,5% DESEXARÍA FACELO PERO NON CRE QUE POIDA

- O cuestionario solicitaba aos entrevistados que indicasen se estarían dispostos a participar nalgún deses posibles servizos compartidos, as respostas obtidas poñen de manifesto que a afirmación do interese en participar nalgún dos servizos compartidos propostos na enquisa é a resposta máis frecuente tanto para o conxunto da enquisa como para todos e cada un dos segmentos da táboa de cruces, aínda que con certas diferenzas segundo o segmento do que se trate.
- En todo caso, estas diferenzas non se producen en función do concello de residencia, pois roldan o 55% tanto en Tomiño (56,7%) como en Cerveira (54,9%).
- Os segmentos máis proclives a participar son as mulleres (57,9%), os entrevistados das tres cohortes intermedias (porcentaxes entre o 65,6% e 58%), e os fogares con menores de 16 anos (58,3%)

- **Ámbito:** Concellos de Tomiño e Camara Municipal de Vila Nova de Cerveira
- **Universo:** Poboación de 16 anos ou máis residentes nestes municipios ou que empregan servizos municipais dos mesmos
- **Tamaño:** 1.099 entrevistas.
- **Tipo de enquisa:** Entrevistas autocumprimentadas en puntos estratéxicos de ambos concellos.
- **Método de mostreo:** Voluntario e aleatorio, o cuestionario de autocumprimentado ofreceuse a todos os usuarios e visitantes dos espazos e servizos onde foi distribuído, recollendo enquisas de cidadáns de 16 anos en adiante.
- **Error mostral:** Para un nivel de confianza de 95,5% (dos sigmas), y $p=q$, o erro é de $\pm 2,94\%$ para o conxunto da mostra; e de $\pm 4,91\%$ para Tomiño e de $\pm 3,70\%$ para Vila Nova de Cerveira.
- **Data de realización:** Do 14 de decembro de 2017 ao 28 de febreiro de 2018.